

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 11 de outubro de 2010**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día once de outubro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1.610).- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE ANO 2010- “PROGRAMA DE APOIO Ó PROCESO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO LOCAL EN MOZAMBIQUE”. EXPTE. 56801/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Acción Social, do 4.10.2010, co informe do letrado asesor do 21.09.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 4.10.2010, co conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio entre a Concellería de Benestar Social e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, CIF G15629629, para levar a cabo proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento, e de solidariedade para o fomento e a homologación das políticas municipalistas de cooperación ó desenvolvemento, para o exercicio 2010.

2º.-Aprobar o gasto por un importe total de 15.000 euros, con cargo á 2310. 4800001 de Benestar Social, “Axuda o Tercer Mundo” para o desenvolvemento do “Programa de apoio ó proceso de desenvolvemento económico local en Mozambique ( ART-PADEL)”.

3º.-Designar como técnica municipal encargada do seguimento do proxecto e responsable de emitir o informe que acredite a adecuada xustificación da subvención a Dª Rosa María Alonso Míguez.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA O FOMENTO E A HOMOLAGACIÓN DAS POLÍTICAS MUNICIPALISTAS DE COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO NO EXERCICIO 2010.**

*En Vigo, a        de        do 2010*

**COMPARECEN**

*A Delegada da Área de Benestar Social, **María Xosé Mendez Piñeiro**, segundo nomeamento polo Decreto de delegación da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.*

*Doutra, o **Sr.D.Alfredo Novoa Gil**, na súa calidade de Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (CIF G-15629629), e intervindo neste acto por conta e representación da citada entidade, segundo se acredita por medio de certificación, con copia debidamente compulsada e dilixenciada polo funcionario competente e incorporada ao expediente administrativo, de conformidade coas facultades que se lle atribúen polo artigo 23 e afíns dos Estatutos da supracitada entidade, dos que igualmente se aporta copia compulsada e dilixenciada polo funcionario competente, que figura inscrita a tódolos efectos legais no rexistro provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia.*

*E, en consecuencia, recoñecendo mutuamente a ambas partes intervinientes plena lexitimación, capacidade e representación para acordar o que ás súas respectivas entidades lles resulte de interese para o desenvolvemento das súas competencias e funcións*

**EXPOÑEN**

*Que, preocupados pola necesidade de obter o máximo rendemento dos recursos que destina a cooperación ó desenvolvemento, o Concello de Vigo está comprometido co propósito de impulsar aquelas prácticas que posibiliten unha maior coordinación das políticas municipalistas desenvolvidas en Galicia neste eido, compartindo coas ONGs e o conxunto da sociedade viguesa esa aspiración común á mellora da cooperación.*

*Que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación de carácter municipalista que, co apoio da FEGAMP, favorece a incorporación das entidades locais e provinciais de Galicia a dinámicas activas de cooperación, evitando a súa fragmentación e*

estimulando a súa maior eficacia e coordinación, actividades que desexa intensificar para implicar nas mesmas ó conxunto da cidadanía. O Concello de Vigo integrouse no Fondo Galego mediante acordo plenario de data 3 de agosto de 1998.

O Concello de Vigo e o Fondo Galego acreditan a necesidade de reforzar os mecanismos homoxeneizadores da cooperación propiamente municipalista e instaron a sinatura da denominada “Declaración Política das cidades e o Fondo Galego”, asinada o 5 de marzo de 2001, por tódalas cidades galegas e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Por todo o exposto, habida conta da sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, ambas partes intervenientes coinciden en instrumentar o seu acordo de vontades no presente Convenio de Colaboración para artellar a participación do Concello de Vigo en dita convocatoria pública, de conformidade coas seguintes

### **ESTIPULACIÓNS**

**Primeira.-** O presente convenio ten por obxecto artellar a participación do Concello de Vigo na financiación da convocatoria pública de axudas a proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade realiza para o ano 2010.

**Segunda.-** O Fondo Galego comprométese a aplicar os recursos económicos achegados polo Concello de Vigo ao proxecto de cooperación ao desenvolvemento “Programa de apoio ó proceso de desenvolvemento económico local en Mozambique (ART-PADEL)” garantindo en todo momento os medios técnicos e humanos para o seu digno desenvolvemento.

**Terceira.-** De acordo co artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións (LXS), o Fondo Galego poderá concertar con terceiros a execución de actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Así mesmo o Fondo Galego terá as obrigas previstas no convenio máis as consignadas no artigo 14 da LXS.

**Cuarta.-** O importe total desta iniciativa cífrase en **66.071,91€** (sesenta e seis mil setenta e un euros con noventa e un céntimos). O Concello de Vigo comprométese a aportar un total de **15.000€ (QUINCE MIL EUROS)** con cargo á partida orzamentaria 2310.4800001 do vixente orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Esta subvención é compatible con todas aquelas que poda recibir o Fondo Galego doutras administracións para a mesma finalidade, sempre que o importe global non supere o custe total do proxecto obxecto de subvención. No caso de cofinanciamento dun proxecto por varias administracións, farase constar na xustificación, detallando as fontes dos recursos económicos do mesmo.

**Quinta.-** A vixencia do presente convenio será ata o **31 de decembro de 2010**, sen prexuízo da posibilidade de estender a colaboración por medio dun novo instrumento convencional, logo de avaliada a experiencia posta en marcha. O seu seguimento será efectuado por unha comisión paritaria de técnicas/os designadas/os polo Concello de Vigo e o Fondo Galego.

**Sexta.-** O Concello de Vigo designará unha/un Técnico/o municipal para integrarse na Ponencia do Fondo Galego que emita os informes de seguimento, e poderá recabar do Fondo Galego informes

técnicos específicos sobre aspectos concretos relativos ós proxectos de cooperación que financie, podendo acceder en todo momento á documentación existente.

**Sétima.- Prazos de Pagamento**

O pagamento farase efectivo en dúas fases:

- a) O 50% da cantidade anual á sinatura do convenio entre as partes.
- b) O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxectivo do convenio e recollidos no orzamento presentado polo Fondo Galego de Cooperación para o exercicio da subvención.

**Oitava.- Xustificación da subvención**

O Fondo Galego de Cooperación e Desenvolvemento comprométese a presentar antes do día **31 de marzo de 2011**, no Rexistro Xeral do Concello, a xustificación do cumprimento, con destino aos Servizos Sociais, achegando a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos con datos dos números de persoas beneficiadas.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

- c) Unha relación clasificada dos gastos subvencionados.
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) As facturas orixinais que xustifiquen a cantidade subvencionada polo Concello de Vigo.

3. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada para o que o parceiro local do país onde se ten executado o proxecto, certifique o gasto realizado e sexa certificado igualmente polo Fondo Galego de Cooperación.

Que foron aboadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

*Declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvención de Galicia.*

*4. Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente.*

*A comprobación da subvención corresponderalle á/ó técnica/o designada/o na cláusula sexta, será a/o encargada/o do seguimento da execución da subvención, que emitirá un informe que acredite a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención.*

*Este informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.*

***Novena.-** No caso de incumprimento do presente Convenio, transgresión na súa execución ou desestimento por parte da entidade asociativa, procederase a súa inmediata resolución. Concorrendo estes supostos, o Fondo Galego reintegrará ao Concello as contías aboadas con recargo e intereses a que houbera lugar, de conformidade coa normativa que lle resulte de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxera.*

***Decima.-** As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente polo órgano concédente previo informe da comisión paritaria, e contra as súas resolucións, e polo carácter administrativo deste Convenio, caberá interpor os oportunos recursos administrativos e xurisdicionais na orde contencioso-administrativa, ou calquera outros recursos e accións que en Dereito procedan.*

***Undécima.-** A lexislación aplicable é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.”*

**2(1.611).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL E SOLIDARIEDADE. EXPTE. 50879/301.**

Retirado da orde do día.

**3(1.612).- SUBVENCIÓN Ó TEATRO ENSALLE E CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA “A MOSCA DO VIÑO”. EXPTE. 12385/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da programación (p.e), do 10.06.2010, co conforme do xefe do departamento de Cultura e do concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, co informe do letrado asesor do 23.09.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 4.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 8.000,00 € (oito mil euros) a TEATRO ENSALLE S.L.L. S.L.L., CIF: B36920247, para o financiamento do programa “A mosca do viño”, organizado por esta entidade, con cargo á partida 3340.470.00.04 “programación teatral convenio TEATRO ENSALLE S.L.L.”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

2º.- Que se faculte ao concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e TEATRO ENSALLE S.L.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “A mosca do viño”

.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E TEATRO ENSALLE S.L.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA A MOSCA DO VIÑO*

En Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dez.

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez, na súa calidade de administrador solidario, CIF: B36920247, e con enderezo na rúa Chile 15, 36202 da cidade de Vigo, que no sucesivo se denominará TEATRO ENSALLE S.L.L..*

*MANIFESTAN*

*Que TEATRO ENSALLE S.L.L., tal e como establecen os seus estatutos ten como fins sala de teatro e academia de ensinanza de teatro.*

*Que TEATRO ENSALLE S.L.L. ven organizando desde o ano 2006 o programa “A mosca do viño, amosando o máis experimental e arriscado das novas linguaxes escénicas, convertíndose nun referente na danza a nivel autonómico e estatal.*

*Que a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo considera que o interés público e social do programa “A mosca do viño”, promovido por TEATRO ENSALLE S.L.L., complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e á súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.*

*Así as cousas, o Concello de Vigo no seu orzamento, na partida 3340.470.00.04 “programación teatral convenio TEATRO ENSALLE S.L.L.”, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.000,00 €, a favor de TEATRO ENSALLE S.L.L., CIF: B36920247.*

*Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do programa “A mosca do viño”.*

*TEATRO ENSALLE S.L.L. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención obxecto da Lei de subvencións de Galicia, e se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.*

*En base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade TEATRO ENSALLE S.L.L., o Concello de Vigo e a dita entidade TEATRO ENSALLE S.L.L. conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes*

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO.**

*O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a TEATRO ENSALLE S.L.L. pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data \_\_\_\_\_, con destino ao programa “A mosca do viño”.*

### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.**

*O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 11.500,00 € (once mil cincocentos euros). Os ingresos previstos por TEATRO ENSALLE S.L.L. para realizar este programa proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (8.000,00 €, 69,56 % do total), e de ingresos por billeteira e obradoiros (3.436,00 €, 30,43 %).*

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.**

*O programa “A mosca do viño” tivo lugar entre xaneiro e abril do ano 2010 na sede do TEATRO ENSALLE S.L.L..*

### **CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE TEATRO ENSALLE S.L.L.**

- 1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do*

- programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, aluguer de espazos e gastos derivados do seu uso, etc.).*
2. *Responsabilizarse da organización integral do programa “A mosca do viño”, de difundilo amplamente, dispoñer do espazo, solicitar os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, reservas de vía pública, solicitude de permisos de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*
  3. *Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao TEATRO ENSALLE S.L.L..*
  4. *Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
  5. *Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural facilitándolle toda a información necesaria para que a páxina Vigocultura.org estea ao día da programación do TEATRO ENSALLE S.L.L., en particular do programa “A mosca do viño”.*
  6. *TEATRO ENSALLE S.L.L. comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
  7. *A concesión da subvención a TEATRO ENSALLE S.L.L. implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.**

1. *Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa “A mosca do viño” e colaborar na súa viabilidade.*
2. *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.**

*A unidade xestora da subvención a TEATRO ENSALLE S.L.L. é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do programa “A mosca do viño”.*

*Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*



*A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

*TEATRO ENSALLE S.L.L. deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.**

*TEATRO ENSALLE S.L.L. adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do programa “A mosca do viño”; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre o TEATRO ENSALLE S.L.L., etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*TEATRO ENSALLE S.L.L. asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión do programa “A mosca do viño”. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias TEATRO ENSALLE S.L.L., Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*

*Asemade, TEATRO ENSALLE S.L.L. entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*

*TEATRO ENSALLE S.L.L. comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.*

*TEATRO ENSALLE S.L.L. tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

*TEATRO ENSALLE S.L.L. facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre o programa “A mosca do viño” nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).*

#### LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

*En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.*

#### OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

*O Concello de Vigo xestionará o pagamento a TEATRO ENSALLE S.L.L. polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do programa “A mosca do viño”, por importe 8.000,00 € á finalización da realización do programación, trala aprobación pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes e tras recibir a documentación xustificativa, dos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*

#### DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR O PAGAMENTO.-

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en todo caso antes do 30 de novembro de 2010.*
- *Declaración xurada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria-avaliación do programa “A mosca do viño”, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:*
  1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
  2. *Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).*
  3. *Memoria de prensa.*
  4. *Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.*
  5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.*
- *Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por TEATRO ENSALLE S.L.L. para financiar a totalidade do programa “A mosca do viño”: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandaising, etc.*

*As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampinado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampinado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.*

*Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; enténdese baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.*

#### GASTOS SUBVENCIONABLES.-

*Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao programa “A mosca do viño”, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.*

*A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

#### IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

*A subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L., é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*TEATRO ENSALLE S.L.L. comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

*O Importe das subvencións ou axudas percibidas por TEATRO ENSALLE S.L.L. para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

#### **NOVENA.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO.**

*Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas neste convenio, especialmente, das obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou ao seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

#### **DÉCIMA.- NULIDADE, REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.**

*Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión da axuda e de reintegro destas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.*

*Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

*Os datos da beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo.*

**DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.**

*O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2010.*

*Este convenio non é prorrogable.*

*Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.*

**DÉCIMO TERCEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.**

*A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

**DÉCIMO CUARTA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

*A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.*

**4(1.613).- SUBVENCIÓN A ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS E CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO TEATRO ARTE LIBRE. EXPTE. 12420/331.**

*Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da programación (p.e), do 20.07.2010, co conforme do xefe do departamento de Cultura e do concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, co informe do letrado asesor do 23.09.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 4.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:*

**1º.-** Outorgar unha subvención de 4.000,00 € (catro mil euros) a Encena Producións Artísticas S.L., CIF: B36481042, para o financiamento da programación do Teatro Arte

Libre, xestionado por esta entidade, con cargo á partida 3340.470.00.03 “programación teatral convenio Arte Libre do Brasil”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

2º.- Que se faculte ao concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Encena Producións Artísticas S.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación do Teatro Arte Libre.”

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ENCENA  
PRODUCCIÓNS ARTÍSTICAS S.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A  
ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO TEATRO ARTE LIBRE*

*En Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dez.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. Roberto Cordovani de Moraes con NIF X1797844A e D. Eisenhower Moreno Lima con NIF X5801855J, na súa calidade de administradores mancomunados de Encena Producións Artísticas S.L. , CIF: B36481042, e con enderezo en Lougares Curceiro 7, 36870 de Modariz, que no sucesivo se denominará ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L..*

*MANIFESTAN*

*Que ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L., tal e como establecen os seus estatutos ten como fins espectáculos teatrais e a formación e ensinanza de artes escénicas.*

*Que ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L. ven xestionando desde o ano 2006 a programación do Teatro Arte Libre, amosando o máis experimental e arriscado das novas linguaxes escénicas, converténdose nun referente na programación de artes escénicas da cidade e a nivel rexional e do Norte peninsular..*

*Que a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo considera que o interese público e social a programación do Teatro Arte Libre, promovido por ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L., complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e á súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.*

*Así as cousas, o Concello de Vigo no seu orzamento, na partida 3340.470.00.03 “programación teatral convenio Arte Libre do Brasil”, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 4.000,00 €, a favor de ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L., CIF: B36481042.*

*Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as*

subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da programación do Teatro Arte Libre.

*ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L.* non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención obxecto da Lei de subvencións de Galicia, e se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade *ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L.*, o Concello de Vigo e a dita entidade *ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L.* conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes

#### CLÁUSULAS

##### **PRIMEIRA.- OBXECTO.**

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a *ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L.* pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data \_\_\_\_\_, con destino á programación do Teatro Arte Libre.

##### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.**

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 135.777,40 € (cento trinta e cinco mil setecentos setenta e sete euros con corenta céntimos). Os ingresos previstos por *Encena Produccións Artísticas S.L.* para realizar este programa proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (4.000,00 €, 2,95 % do total), e de recursos propios (131.777,40 €, 97,05 %).

##### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.**

A programación do Teatro Arte Libre ten lugar durante todo o ano 2010 na sede do Teatro Arte Libre.

##### **CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L.**

1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, aluguer de espazos e gastos derivados do seu uso, etc.).
2. Responsabilizarse da organización integral da programación do Teatro Arte Libre, de difundilo amplamente, dispoñer do espazo, solicitar os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, reservas de vía pública, solicitude de permisos de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da

*Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida a ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L..*

- 4. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
- 5. Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural facilitándolle toda a información necesaria para que a páxina Vigocultura.org estea ao día da programación do Teatro Arte Libre.*
- 6. ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
- 7. A concesión da subvención a ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.**

- 1. Realizar o seguimento do desenvolvemento da programación do Teatro Arte Libre e colaborar na súa viabilidade.*
- 2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.**

*A unidade xestora da subvención a ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento da programación do Teatro Arte Libre.*

COMERCIO: MOBLE STYLE SA,

ENDEREZO COMERCIAL: URZAIZ RUA

RESOLUCION : Resolver desestimando a solicitude de subvención efectuada por MOBLE STYLE SA,

**163.- EXPEDIENTE: 5073/551 REF: E7279 P1575**

**INTERESADO: 35994983Y JORGE CASTRO, JOSE**

COMERCIO: TALLERES ALCAZAR

ENDEREZO COMERCIAL: TOLEDO RUA

RESOLUCION : Resolver declarando a inadmisibilidade da solicitude de subvención efectuada por JORGE CASTRO, JOSE

**164.- EXPEDIENTE: 5139/551 REF: E7303 P1576**

**INTERESADO: 36087133H JUAN COSTAS FERNANDEZ**

COMERCIO: JUAN COSTAS FERNANDEZ

ENDEREZO COMERCIAL: ESCULTOR GREGORIO FDEZ RUA

RESOLUCION : Resolver declarando a inadmisibilidade da solicitude de subvención efectuada por JUAN COSTAS FERNANDEZ

**19(1.628).- DEVOLUCIÓN DE AVAL POLA FESTA DA AMIZADE 2010. EXPTE. 78934/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 29.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 21/07/2010, pola Asociación Veciñal, Cultural e deportiva de Saiáns, co CIF G: 36648988, por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da XXV festa da Amizade no parque Forestal de Saiáns o día 24 de xullo do ano en curso , por non producirse danos na vía pública.

**20(1.629).- DEVOLUCIÓN DE AVAL POLA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO ROSARIO EN SAN ANDRES DE COMESAÑA. EXPTE. 78935/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 29.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 19/08/2010, pola Asociación de Festas Nosa Sra. Do Rosario (representante Patricio Carreira Gómez) , DNI 36087692 W, por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración das Festas do Rosario na Alameda de Festas de San Andrés de Comesaña os días 3,4 e 5 de setembro do ano en curso , por non producirse danos na vía pública.

**21(1.630).- DEVOLUCIÓN DE AVAL POLA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA VIRXE DOS AFLIXIDOS DE ZAMÁNS. EXPTE. 78936/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 29.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 02/07/2010, pola Asociación comisión de Festas Virxe dos Aflixidos de Zamáns CIF G-36790228 , por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración das Festas da Virxe dos Aflixidos en Zamáns os días 4,5 e 6 de setembro do ano en curso , por non producirse danos na vía pública.

**22(1.631).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL EXPTE. 20049/220 (ADECUACIÓNS RETRIBUTIVAS ANO 2010. RPT E INSTRUCCIÓNS 2010). EXPTE. 20136/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 6.10.2010, co conforme da xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Rectificar os erros materias detectados no acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2010, sobre a “Adecuacións retributivas ano 2010. R..P.T. e instrucións 2010” nos códigos retributivos asignados a diversos postos, no código do complemento específico do posto de Xefe/A Unidade Técnica de Medio Ambiente e na denominación do posto de psicólogo/a adscrito ao servizo 315 CEDRO na proposta de R.P.T. 2010 aprobada, debendo figurar os seguintes:

Posto	Cod retributivo
XEFE/A INFRAESTRUCTURAS	288
OPERARIO/AUXILIAR OSPIO	307
XEFE/A MUSEOS MUNICIPAIS	288
PSICOLOGO/A BENESTAR SOCIAL	55

DENOMINACION POSTO	C.E.
XEFE/A UNIDADE TECNICA MEDIO AMBIENTE	680

XI.3. CODIGO 315 CEDRO					
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.
315.02	PSICOLOGO/A CEDRO	2	26	680	263



**23(1.632).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN AUTORIZANDO REDUCCIÓN DE XORNADA Á FUNCIONARIA D<sup>a</sup> ANGÉLICA RODRÍGUEZ BERTOMEU. EXPTE. 20125/220.**

Dase conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, do 1.10.201, a proposta da técnica de Xestión co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, que dí o que segue:

“A medio de instancia de data de entrada en Rexistro Xeral 21 de setembro de 2010, D<sup>a</sup> Angelica Rodríguez Bertomeu, n<sup>o</sup> persoal 22036, Xefa de Negociado, adscrita ao servizo de Patrimonio, solicita se lle conceda unha redución de xornada media hora ó inicio da xornada durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2010 e xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño de 2011.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- O art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o seu coidado directo algún menor de doce anos, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións.

Segundo.- Dita petición é informada, coa mesma data, favorablemente polo Xefe do Servizo co conforme do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007 sobre delegacións nos concelleiros de área.

Por isto, a funcionaria que subscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Area de Xestión municipal a adopción da seguinte resolución:

“Autoriza-la redución de xornada de D<sup>a</sup> Angelica Rodríguez Bertomeu, n<sup>o</sup> persoal 22036, Xefa de Negociado, adscrita ao Servizo de Patrimonio, en media hora ao inicio da xornada, durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2010 e xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño de 2011, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia”

**RESOLUCIÓN**

Resolvo de conformidade co informe-proposta que antecede.

A presente resolución notifíquese á interesada, Xefe do Servizo, Intervención Xeral, Unidade de Persoal e dese conta a Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**24(1.633).- ABONO DE XORNADA POR DISPOÑIBILIDADE AO FUNCIONARIO D. ANTONIO JUSTE IGLESIAS, CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2009. EXPTE. 19797/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 6.10.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar ao funcionario D Antonio Juste Iglesias, un complemento de produtividade, por importe de 208.00€, aprobando e comprometendo o gasto con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Produtividade”, pola xornada de dispoñibilidade horaria asignada no mes de novembro de 2009, segundo sentenza do xulgado do social N° 1 de Vigo de 27 de agosto de 2004.

**25(1.634).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A ISABEL LLANTADA MARTÍNEZ, POR COLABORACIÓN NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS TÉCNICOS NO ARQUIVO PACHECO, DURANTE O MES DE XULLO, AGOSTO E 21 DÍAS DE SETEMBRO. EXPTE. 249/338.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión de Patrimonio Histórico, do 21.09.2010, co conforme do concelleiro delegado de Cultura, e co informe do Interventor Xeral do 28.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obriga por importe de **5887,73 euros** a favor da profesional Dna. Isabel Llantada Martínez, co NIF 36018716A polo servizo de COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS NO ARQUIVO PACHECO, durante os meses de xullo, agosto e 21 días de setembro de 2010 (do 1 ao 21), segundo as súas factura nº 10-006 de data 21/09/2010, presentada no Rexistro Xeral o 21/09/2010 (nº doc. 100120883).

2º.- Imputalo á partida 33402279916 TRABALLOS ESTUDIO PACHECO do vixente orzamento municipal.

3º.- A imputación do gasto aos orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación algunha para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguente partida.

**26(1.635).- CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE. EXPTE. 459/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da área dos Servizos Xerais, do 28.09.2010, co conforme do xefe de área, do asesor xurídico da área e da concelleira delegada da área de Servizos Xerais, co informe do titular da Asesoría Xurídica, do 5.10.2010, e co fiscalizado e conforme da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 6.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de humanización da rúa San Roque, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos de redución de prazos, baseado en razóns de interese público.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Servizos Xerais mailo xefe da OSPIO, con data 27 de setembro, para á contratación das obras de humanización da rúa San Roque, segundo proxecto redactado pola empresa TICCO INGENIERÍA S.L.U.P. e aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, incluíndo a FEC (Follas de especificación do contrato) correspondente, redactadas polo xefe administrativo da Área de Servizos Xerais, con data 28 de setembro, para a citada contratación, mediante un procedemento aberto e trámite de urxencia.

4º.- Autorizar un gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.30, por un importe máximo de 211.052,54 €, máis o 18% (37.989,46 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 249.042 € (DOUSCENTOS CORENTA E NOVE MIL CORENTA E DOUS EUROS)

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

**27(1.636).- CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS ENTRE AVDA. FRAGOSO E EUGENIO KRAFF. EXPTE. 460/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da área dos Servizos Xerais, do 28.09.2010, co conforme do xefe de área, do asesor xurídico da área e da concelleira delegada da área de Servizos Xerais, co informe do titular da Asesoría Xurídica, do 5.10.2010, e co fiscalizado e conforme da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 6.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de reposición de beirarrúa entre Avda. de Fragoso e Eugenio Kraff, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos de redución de prazos, baseado en razóns de interese público.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Servizos Xerais mailo xefe da OSPIO, con data 27 de setembro, para á contratación das obras de reposición de beirarrúa entre Avda. Fragoso e Eugenio Kraff, segundo proxecto redactado pola empresa TICCO INGENIERÍA S.L.U.P. e aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, incluíndo a FEC (Follas de especificación do contrato) correspondente, redactadas polo xefe administrativo da Área de Servizos Xerais, con data 28 de setembro, para a citada contratación, mediante un procedemento aberto e trámite de urxencia.

4º.- Autorizar un gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.31, por un importe máximo de 127.118,64 €, máis o 18% (22.881,36 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 150.000 € (cento cincuenta mil euros)

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

**28(1.637).- CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PINO, ENTRE URZAIZ E ASTURIAS, EXPEDIENTE ANTICIPADO DE GASTO. EXPTE. 487/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da área dos Servizos Xerais, do 30.09.2010, co conforme do xefe de área, do asesor xurídico da área e da concelleira delegada da área de Servizos Xerais, co informe do titular da Asesoría Xurídica, do 5.10.2010, e co fiscalizado e conforme da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 7.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de humanización da rúa Pino, entre Urzáiz e Asturias, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos de redución de prazos, baseado en razóns de interese público.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Servizos Xerais mailo xefe da OSPIO, con data 28 de setembro, para á contratación das obras de humanización da rúa rúa Pino, entre Urzáiz e Asturias, segundo proxecto redactado pola empresa INGENIA PROXECTOS TÉCNICOS e aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 30 de agosto.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, incluíndo a FEC (Follas de especificación do contrato) correspondente, redactadas polo xefe administrativo da Área de Servizos Xerais, con data 28 de setembro, para a citada contratación, mediante un procedemento aberto e trámite de urxencia.

4º.- Autorizar un gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.50, por un importe máximo de 254.237,29 €, máis o 18% (45.762,71 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 300.000 € (Trescentos mil euros). O expediente de contratación tramítase como anticipado de gasto, segundo o estipulado na base 29ª das de execución do orzamento

xeral municipal do Concello de Vigo no ano 2010, polo que a adxudicación queda suxeita á condición suspensiva de existencia, no momento do inicio da súa execución, de crédito adecuado e suficiente para o financiamento das obrigas do contrato, que terá lugar, no seu caso, coa aprobación definitiva da modificación de crédito extraordinaria aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión de data 27 de setembro (expte. 463/440).

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

**29(1.638).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MESTURAS BITUMINOSAS PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 54057/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da área dos Servizos Xerais, do 9.08.2010, co conforme do xefe de área, do asesor xurídico da área e da concelleira delegada da área de Servizos Xerais, co informe do titular da Asesoría Xurídica, do 28.09.2010, e co fiscalizado e conforme da xefa do servizo de Fiscalización e Control Financeiro, do 5.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de subministro de mesturas bituminosas para o servizo de Vías e Obras, adxudicado a SERCOYSA PROXECTOS Y OBRAS S.A., CIF A-36319622, con data 29 de abril de 2008, correspondente ao período abril 2009 a abril 2010, que segundo o informe do INE supón o 1,5 % de variación do IPC nacional para o período indicado, que se aplicará a todos os prezos unitarios de materiais incluídos no contrato. A revisión será de aplicación a todas as mesturas bituminosas subministradas polo adxudicatario a partires do 1 de xuño de 2010, e o gasto financiarase con cargo ao saldo dispoñible no AD que financia o contrato vixente neste exercicio.

**30(1.639).- PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE MURO DE CONTENCIÓN NA RÚA GONDERÁN. EXPTE. 1677/443.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 7.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa GALAICONTROL, S.L, para o “Acondicionamento de Muro de Contención na Rúa Gonderán”, cun orzamento base de licitación de 91.313,47 Euros.

**31(1.640).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA ENTIDADE “REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE PATIÑAJE” EN RELACIÓN COS GASTOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO NO CAMPIONATO DO MUNDO DE HOCKEY MASCULINO. EXPTE. 3413/104.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral da Tenencia da Alcaldía e da xefa do servizo de Turismo e Comercio, do 28.06.2010, co conforme do concelleiro delegado de Comercio, Industria e Turismo, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 22.09.2010, e co informe do Interventor Xeral do 1.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o recoñecemento extrajudicial de crédito a favor da entidade “Real Federación Española de Patinaje”, con CIF: Q-2878030-B, en relación cos gastos de promoción turística de Vigo no Campionato de Mundo de Hockey sobre patíns masculino, polo importe de 200.000 €, exento IVE, de acordo coa factura de data 01/01/2010, núm. 01/10, con cargo a partida 4320.2279907 “Rec. extrajudicial promoción turística Mundial Hockey” do vixente orzamento.

**32(1.641).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A HOTELERA PONTEVEDRESA S.L. POR PERMISO DE CAMIÓN POLA RÚA MARIA BERDIALES. EXPTE. 62519/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Vías e Obras, do 4.10.2010, co conforme da concelleira delegada de Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder ça devolución do aval a HOTELERA PONTEVEDRESA S.L., constituído na data reseñada, polo importe de 30.000 euros.

**33(1.642).- NORMALIZACIÓN DE PREDIOS UNIDADE “1” PREVISTA NO PEPRI DE BOUZAS. ESTIMACIÓN PARCIAL DE RECURSO DE REPOSICIÓN. EXPTE. 11153/411.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de asesoramento xurídico da Xerencia de Urbanismo, do 27.09.2010, co conforme da xerente municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por dona Tania Martins Fernández o 7.06.10 e 18.08.10 (docs números 100079889 e 100108372) no sentido de que no proxecto de normalización debe constar que a parcela de resultado número “1” é titular de un dereito real de servidume sobre a parcela de resultado número “2”. Dita servidume existirá ata o momento no que se promova a edificación da de resultado número “1”. Desestimar o resto de cuestións tratadas no recurso de reposición.

2º.- Notificar o presente acordo aos interesados, informando que o presente acordo é firme en vía administrativa e unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril.

#### **34(1.643).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE -ANO 2010- “REHABILITACIÓN DAS CASAS DE EITO, NA CAMARA MUNICIPAL DO PAUL (CABO VERDE)”. EXPTE. 56799/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Acción Social, do 23.08.2010, co informe do letrado asesor do 4.10.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 8.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio entre a Concellería de Benestar Social e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, CIF G15629629, para levar a cabo proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento, e de solidariedade para o fomento e a homologación das políticas municipalistas de cooperación ó desenvolvemento, para o exercicio 2010.

2º.- Aprobar o gasto por un importe total de 55.000 euros, con cargo á 2310. 4800001 de Benestar Social, “Axuda o Tercer Mundo” para o desenvolvemento do “Rehabilitación das casas de Eito, na Cámara Municipal do Paul ( Cabo Verde)”

3º.- Designar a Dª Rosa María Alonso Miguez técnica municipal encargada do seguimento do proxecto e responsable de emitir o informe que acredite a adecuada xustificación da subvención.

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA O FOMENTO E A HOMOLAGACIÓN DAS POLÍTICAS MUNICIPALISTAS DE COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO NO EXERCICIO 2010.**

*En Vigo, a        de        de 2010*

## **COMPARECEN**

A Delegada da Área de Benestar Social, **María Xosé Mendez Piñeiro**, segundo nomeamento polo Decreto de delegación da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.

Doutra, o **Sr.D.Alfredo Novoa Gil**, na súa calidade de Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (CIF G-15629629), e intervindo neste acto por conta e representación da citada entidade, segundo se acredita por medio de certificación, con copia debidamente compulsada e dilixenciada polo funcionario competente e incorporada ao expediente administrativo, de conformidade coas facultades que se lle atribúen polo artigo 23 e afíns dos Estatutos da supracitada entidade, dos que igualmente se aporta copia compulsada e dilixenciada polo funcionario competente, que figura inscrita a tódolos efectos legais no rexistro provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia.

E, en consecuencia, recoñecendo mutuamente a ambas partes intervinientes plena lexitimación, capacidade e representación para acordar o que ás súas respectivas entidades lles resulte de interese para o desenvolvemento das súas competencias e funcións

## **EXPOÑEN**

Que, preocupados pola necesidade de obter o máximo rendemento dos recursos que destina a cooperación ó desenvolvemento, o Concello de Vigo está comprometido co propósito de impulsar aquelas prácticas que posibiliten unha maior coordinación das políticas municipalistas desenvolvidas en Galicia neste eido, compartindo coas ONGs e o conxunto da sociedade viguesa esa aspiración común á mellora da cooperación.

Que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación de carácter municipalista que, co apoio da FEGAMP, favorece a incorporación das entidades locais e provinciais de Galicia a dinámicas activas de cooperación, evitando a súa fragmentación e estimulando a súa maior eficacia e coordinación, actividades que desexa intensificar para implicar nas mesmas ó conxunto da cidadanía. O Concello de Vigo integrouse no Fondo Galego mediante acordo plenario de data 3 de agosto de 1998.

O Concello de Vigo e o Fondo Galego acreditan a necesidade de reforzar os mecanismos homoxeneizadores da cooperación propiamente municipalista e instaron a sinatura da denominada “Declaración Política das cidades e o Fondo Galego”, asinada o 5 de marzo de 2001, por tódalas cidades galegas e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Por todo o exposto, habida conta da sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, ambas partes intervinientes coinciden en instrumentar o seu acordo de vontades no presente Convenio de Colaboración para artellar a participación do Concello de Vigo en dita convocatoria pública, de conformidade coas seguintes

## **ESTIPULACIÓNS**

**Primeira.-** O presente convenio ten por obxecto artellar a participación do Concello de Vigo no financiamento da convocatoria pública de axudas a proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade realiza para o ano 2010.

**Segunda.-** O Fondo Galego comprométese a aplicar os recursos económicos aportados polo Concello de Vigo ao proxecto de cooperación ao desenvolvemento “Rehabilitación das casas de



Eito, na Cámara Municipal do Paúl (Cabo Verde)” garantindo en todo momento os medios técnicos e humanos para o seu digno desenvolvemento.

**Terceira.-** De acordo co o artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións (LXS), o Fondo Galego poderá concertar con terceiros a execución de actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Así mesmo o Fondo Galego terá as obrigas previstas no convenio máis as consignadas no artigo 14 da LXS.

**Cuarta.-** O importe total desta iniciativa cífrase en **CIENCUENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS OITENTA E OITO EUROS (59.988 euros)**. O Concello de Vigo comprométese a aportar un total de **CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000 euros)** con cargo á partida orzamentaria 3130.4800001 do vixente orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Esta subvención é compatible con todas aquelas que poda recibir o Fondo Galego doutras administracións para a mesma finalidade, sempre que o importe global non supere o custe total do proxecto obxecto de subvención. No caso de cofinanciamento dun proxecto por varias administracións, farase constar na xustificación, detallando as fontes dos recursos económicos do mesmo.

**Quinta.-** A vixencia do presente convenio será ata o **31 de decembro de 2010**, sen prexuízo da posibilidade de estender a colaboración por medio dun novo instrumento convencional, logo de avaliada a experiencia posta en marcha. O seu seguimento será efectuado por unha comisión paritaria de técnicas/os designadas/os polo Concello de Vigo e o Fondo Galego.

**Sexta.-** O Concello de Vigo designará unha/un Técnica/o municipal para integrarse na Ponencia do Fondo Galego que emita os informes sobre a idoneidade dos proxectos e garanta o seu seguimento, e poderá recabar do Fondo Galego informes técnicos específicos sobre aspectos concretos relativos ós proxectos de cooperación que financie, podendo acceder en todo momento á documentación existente.

**Sétima.-** Prazos de Pagamento

O pagamento farase efectivo en dúas fases:

- O 50% da cantidade anual á sinatura do convenio entre as partes.
- O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxectivo do convenio e recollidos no orzamento presentado polo Fondo Galego de Cooperación para o exercicio da subvención.

O Fondo Galego de Cooperación e Desenvolvemento comprométese a presentar antes do día **31 de marzo de 2011**, no Rexistro Xeral do Concello, a xustificación do cumprimento, con destino aos Servizos Sociais, achegando a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos con datos dos números de persoas beneficiadas.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

- g) Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
- h) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- i) As facturas orixinais que xustifiquen a cantidade subvencionada polo Concello de Vigo e facturas orixinais ou copias compulsadas das restantes facturas que xustifiquen a totalidade do gasto da intervención.

3. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada para o que o parceiro local do país onde se ten executado o proxecto, certifique o gasto realizado e sexa certificado igualmente polo Fondo Galego de Cooperación.

Que foron aboadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvención de Galicia.

4. Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente.

A comprobación da subvención corresponderalle á/ó técnica/o designada/o na cláusula sexta, será a/o encargada/o do seguimento da execución da subvención, que emitirá un informe que acredite a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención.

Este informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.

#### **Oitava.- Xustificación da subvención**

Para poder percibir o pagamento do 50% final da subvención concedida, a entidade beneficiaria presentará a documentación xustificativa no rexistro do Concello de Vigo antes do día 31 de decembro de 2010.

*Este informe incorporárase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.*

**Novena.-** *No caso de incumprimento do presente Convenio, transgresión na súa execución ou desestimación por parte da entidade asociativa, procederase a súa inmediata resolución. Concorrendo estes supostos, o Fondo Galego reintegrará ao Concello as contías aboadas con recargo e intereses a que houbera lugar, de conformidade coa normativa que lle resulte de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxera.*

**Decima.-** *As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio integráranse, interpretáranse e resolveranse motivadamente polo órgano concédente previo informe da comisión paritaria, e contra as súas resolucións, e polo carácter administrativo deste Convenio, caberá interpor os oportunos recursos administrativos e xurisdicionais na orde contencioso-administrativa, ou calquera outros recursos e accións que en Dereito procedan.*

**Undécima.-** *A lexislación aplicable é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.*

**35(1.644).- PROXECTO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN “LA CARAVANA AMERICANA”. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 3526/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, do 4.10.2010, co conforme do concelleiro delegado da área, e co informe do titular da Asesoría Xurídica, do 7.10.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 8.10.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Que se aprrobe o proxecto de contrato que se achega no expediente para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación de “La Caravana Americana” dentro do programa Vigo Cool Night programa desenvolvido en colaboración coa federación provincial de hostalería Feprohos, o día 22 de Outubro de 2010, que forma parte das actuacións referendadas pola comisión de seguimento do Plan de competitividade turística “turismo urbano e ria” na súa sesión do 29 de abril e 30 de setembro de 2010.

2º.- Que se autorice un gasto por un importe de 47.200 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 43202270606 “Plan de Competitividade Turística de Vigo”) para o vixente exercicio económico en concepto da contratación do referido espectáculo que se abonará a Esmerarte Servicios Artísticos S.L., CIF: B36588432.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Turismo de CAIXANOVA Nº2080 0000 78 0040246105, mediante cheque bancario

**36/(1.645).- CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA PUBLICA MUNICIPAL DA AVDA. MARTINEZ GARRIDO, 21. EXPTE. 12178/331.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura e Bibliotecas, do 8.10.2010, co conforme do concelleiro delegado de Cultura, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 8.10.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 29.09.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o gasto de 557.600 €, IVE incluído para a contratación se servizos bibliotecarios complementarios da biblioteca pública “Xosé Neira Vilas” da avda. Martínez Garrido que se imputarán á partida 3340.227.99.10 “Funcionamento da biblioteca Martínez Garrido” do orzamento dos anos 2010 ao 2012.

2º.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adjudicación de contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca “Xosé Neira Vilas”, Avda. Martínez Garrido, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 18 de marzo de 2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 6 de outubro de 2010.

3º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

**37(1.646).- CONTRATACIÓN POR PROCEDUREMTO ABERTO DE SUBMINISTRO E PROCESADO TÉCNICO DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS PARA A BIBLIOTECA “XOSÉ NEIRA VILAS”, AVDA. MARTINEZ GARRIDO. EXPTE 12179/331.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura e Bibliotecas, do 8.10.2010, co conforme do concelleiro delegado de Cultura, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 7.10.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 28.09.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o gasto de 134.458,47 €, I.V.E. incluído, para a contratación so subministro de fondos bibliográficos (libros, CD-audio, DVD, etc.) con destino á biblioteca pública municipal “Xosé Neira Vilas” da Avda. Martínez Garrido; 86.960,99 € correspondería ao subministro dos materiais bibliográficos (libros, cd-audio, etc.) e 47.497,48 € ao proceso técnico (catálogo e clasificación) e proceso físico (forrado, etc.), que se imputarán a partida 3340.629.00.00 “Adquisición material audiovisual” do orzamento do ano 2010.

2º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación de contrato de subministro e procesado técnico de fondos bibliográficos para a biblioteca “Xosé Neira Vilas”, Avda. Martínez Garrido, que contén o prego de prescricións técnicas particulares 5 de outubro de 2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 7 de outubro de 2010.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

**38(1.647).- PROXECTO BÁSICO “FASE 1: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE ESCOLA INFANTIL NA RÚA MESTRE GOLDAR Nº 22 DO CONCELLO DE VIGO”, DE REFORMAR DO EDIFICIO MUNICIPAL PARA A SÚA ADAPTACIÓN DE USO COMO ESCOLA INFANTIL. EXPTE. 7566/77**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 8.10.2010, co conforme do concelleiro de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto básico "FASE 1: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE ESCOLA INFANTIL NA RÚA MESTRE GOLDAR Nº 22 DO CONCELLO DE VIGO” de reforma do edificio municipal sito na rúa Mestre Goldar Nº 22, para a súa adaptación de uso como escola infantil.

**39(1.648).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DOCENTES E COMPLEMENTARIOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA. EXPTE. 11739/332**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Secretaria da Mesa de Contratación, do 5.10.2010, co fiscalizado e conforme do Interventor Xeral, do 7.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar á mercantil DOBRE O, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos docentes e complementarios de administración, conserxería e funcionamento da escola municipal de Música (expediente 11739-332) por un prezo total de 810.702 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 2 de agosto de 2010 e a oferta presentada.

**40(1.649).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dezaseis minutos. Como secretaria dou fe.

am/rs

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.